

ACTA DE REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO ACORDO DE SELECCIÓN TEMPORAL, ACCESO INTERNO E ADSCRICIÓN PROVISIONAL

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Manuel Fernández Jauregui, Xerente (escusa a non asistencia)

Emilio M. Martínez Rivas, Vicexerente de Recursos Humanos (substitúeo como Presidente)

José Manuel Fernández Viña, Xefe do Servizo de PAS

Margarita González Hernández, Xefa da sección de Emprego e Programas (Secretaria)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG)

COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA

Manuel Marcos García (CCOO)

Ángel Torreiro Varela (UXT)

XUNTA DE PAS FUNCIONARIO

María Fariza Novoa (CCOO) (non asiste)

José Santiago Santos García (UXT)

Xoan Cebro Rodríguez (CIG) (retírase ás 11:15)

Acta da reunión celebrada ás 10:52 horas do 7 de novembro de 2013, na sala de xuntas nº 1 da Xerencia coa asistencia das persoas que se citan á marxe e de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación da acta do 30 de xullo de 2013.
2. Proposta de convocatoria de ampliación de lista de espera para a categoría de Técnico Superior de Calidade.
3. Propostas de convocatorias para as categorías de T.S. de Valorización da Propiedade Industrial e de T.E. Electrónica de Instrumentación científica e Calibración.
4. Rogos e preguntas.

1. APROBACIÓN DA ACTA DO 30 DE XULLO DE 2013.

Luis Pérez solicita se modifique unhas palabras da súa intervención no punto 2. Os membros restantes están de acordo e se aproba a acta por unanimidade.

2. PROPOSTA DE CONVOCATORIA DE AMPLIACIÓN DE LISTA DE ESPERA PARA A CATEGORÍA DE TÉCNICO SUPERIOR DE CALIDADE.

3. PROPOSTA DE CONVOCATORIA DE COBERTURA TEMPORAL PARA AS CATEGORÍAS:

-TÉCNICO SUPERIOR DE VALORIZACIÓN DA PROPIEDAD INDUSTRIAL

-TÉCNICO ESPECIALISTA DE ELECTRÓNICA EN INSTRUMENTACIÓN CIENTÍFICA E CALIBRACIÓN

O Vicexerente retira da orde do día a convocatoria da praza de Técnico Superior de Valorización da Propiedade Industrial, como vén de facer na inmediata reunión anterior da Comisión de Política de Emprego.

Con respecto á convocatoria de ampliación da lista de espera de Técnico Superior de Calidade, o Vicexerente de Recursos Humanos explica que o temario recolle só o esencial para unha convocatoria de ampliación de lista de agarda.

Luis Pérez sinala que a convocatoria establece unha proba con dúas partes eliminatorias que se poderán realizar de xeito consecutivo, o que ten implicacións negativas, como o feito de cando se presenten moitos candidatos se debe deseñar a parte práctica dun xeito máis teórico porque non sempre se pode realizar unha proba realmente práctica para moitos candidatos, mentres que de corrixirse separadamente, coñecería o número de aspirantes e así podería elaborar unha proba máis axeitada. En segundo lugar, se limita o dereito a reclamar e, en terceiro lugar, desvirtúa o establecido de xeito xeral para formar parte das listas de espera, xa que con esta redacción so existe un exercicio e hai que superar as dúas partes para formar parte delas, mentres que en convocatorias anteriores se establecían dúas probas tendo os candidatos que superasen só a primeira para formar parte da lista de espera.

Margarita González e José Manuel Fernández explican que a realización consecutiva dos exercicios non é obrigatorio senón potestativo para a Comisión de Valoración (“se poderán realizar de xeito consecutivo”), polo tanto, de presentarse moitos candidatos, poderán optar por celebrar as partes de forma separada; ademais, a convocatoria contempla un prazo de reclamacións contra cada unha das probas de 3 días hábiles, polo que tanto se realicen de forma conxunta como separada, todos disporán dun prazo de 3 días para reclamar. En canto ao último punto sinalado por Luis, lembran que o acordo sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional diferencia entre os procesos segundo se trate de seleccionar persoal fixo e non fixo, e que so se determinan os requisitos para formar parte da correspondente lista de espera para o primeiro dos supostos.

Margarita González intervén dicindo que na acta da sesión anterior, que acaba de ser aprobada por unanimidade, recolle o acordo desta comisión para realizar unha única proba con dúas partes e que de acordo con elo se convocaron as prazas de Técnico Especialista de Calidade Ambiental e Histoloxía e de Técnico Especialista de Medio Mariño.

José M. Fernández Viña puntualiza que tal e como esta comisión adoptou este criterio, podería acordar outro se o considera inadecuado.

Con respecto á convocatoria de Técnico Especialista de Electrónica en Instrumentación Científica e Calibración a parte social considera que o temario é moi superior ao da categoría que se convoca. Luis Pérez e Ángel Torreiro inciden en que non consideran necesaria esta convocatoria por xa existir lista de espera da categoría de Técnico Especialista de Electrónica.

4. ROGOS E PREGUNTAS.

Luis Pérez informa que recibiu un escrito dun Auxiliar Técnico de Servizos Xerais con destino definitivo en Ourense, trasladado provisionalmente a Pontevedra, que solicita que se lle oferten as vacantes que se podan producir en Vigo (domicilio en Nigrán). Tanto el como a Xerencia consideran que concedido a calquera traballador un cambio de quenda ou de localidade, non se pode atender un novo pedimento dese traballador ata que se reincorpore ao seu destino definitivo.

Manuel Marcos pregunta se isto figura nos criterios aprobados e José M. Fernández Viña indica que o que non figura neles é o que solicita o traballador; nos criterios establécense os cambios que se pode solicitar, e que sucede en caso de renuncia, pero non que o persoal autorizado poda concedérselle un novo cambio. Luis Pérez engade que para iso debería renunciar ao seu traslado, o que conlevaría a penalización de 6 meses establecida nos criterios.

A parte sindical está de acordo coa posibilidade de “mellorar” un pedimento xa concedido, pero concretamente Luis Pérez sinala que esta posibilidade non está recollida nos criterios acordados.

O Vicexerente de Recursos Humanos expón que por razóns organizativas e de eficacia a Xerencia non pode admitir cambios continuados de persoal, xa que provoca prexuízos directos nos servizos.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 11:40 horas, da que como Secretaria redacto esta acta.